

## ACTA Nº 03/11

### SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 17 DE XANEIRO DE 2011

#### Asistentes:

#### CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.  
D. Victor Pastoriza Lino  
D. Valentín Piñeiro González.  
D. Daniel Rodas Chapela.  
Dna. Libertad Cruz Couso.

Secretario: D. Carlos Piñeiro Sarmiento.

Na casa do Concello de Moaña, o 17 de xaneiro de 2011, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:15 horas.

#### **1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.**

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local nº 52/10, correspondente á sesión do 27 de decembro de 2010.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobala.

#### **2.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.**

Non hai.

#### **3- LICENZAS DE OBRAS**

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

**3.A) EXPTE. 04/11 – D. DOMINGO PARAMOS GIL** presentan proxecto básico de conservación de cuberta en vivenda unifamiliar existente na rúa Travesía de Rosalía de Castro, nº 7, do barrio do Redondo, redactado polo arquitecto técnico D. José Ponce Yáñez, visado na data 30.12.10.

Dáse conta do informe do arquitecto técnico do Concello de Moaña, do día 14 de xaneiro de 2011, que literalmente di:

**ASUNTO:** PROXECTO DE CONSERVACIÓN DE CUBERTA  
**INFORME TÉCNICO:** **Procede informar favorablemente o expediente.**

O proxecto de conservación está redactado polo arquitecto técnico D. José Ponce Yáñez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 30 de decembro de 2010. Presenta a seguinte documentación:

- Memoria descritiva
- Memoria construtiva
- Xustificación urbanística sobre o cumprimento do establecido nas NN.SS municipais.
- Estudo de xestión de residuos
- Normativa de obrigado cumprimento.
- Prego de condicións técnicas.
- Medicións e orzamento.
- Estudo básico de seguridade e saúde.
- Documentación gráfica.
- Cuestionario de estatística.
- Presenta oficio de dirección de obra asinado polo Arquitecto Técnico, D. José Ponce Yáñez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 30 de decembro de 2010.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción.....	199,69 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110 €

**3.B) EXPTE. 210/10 – D. CELSO PARADA FERNÁNDEZ** presenta proxecto de reparación e conservación de vivenda unifamiliar, situado na Xalde nº 22, San Martiño, redactado polo arquitecto técnico d. Humberto Guimeráns Gallego, visado o 05.10.10. Orzamento das obras: 37.886,76 euros; superficie total construída: 192,98 m2.

Dáse conta do informe do arquitecto técnico do Concello de Moaña, do día 14 de xaneiro de 2011, que literalmente di:

**ASUNTO:** PROXECTO DE REPARACIÓN DE CUBERTA, E CONSERVACION EXTERIOR DE VIVENDA UNIFAMILIAR.  
**INFORME TÉCNICO:** **Procede informar favorablemente o expediente.**

O proxecto de reparación de cuberta,e conservación exterior de vivenda unifamiliar, está redactado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, visado polo Colexio Oficial

de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 05 de outubro de 2010. Presenta a seguinte documentación:

- Memoria descritiva
- Memoria construtiva
- Xustificación urbanística sobre o cumprimento do establecido nas NN.SS municipais.
- Cumprimento do CTE (HS-1) de protección fronte á humidade.
- Cumprimento do CTE (HS-5) de evacuación de augas da cuberta.
- Estudo de xestión de residuos
- Normativa de obrigado cumprimento.
- Plan de control de calidade.
- Prego de condicións técnicas.
- Medicións e orzamento.
- Estudo básico de seguridade e saúde.
- Documentación gráfica.
- Cuestionario de estatística.
- Presenta oficio de dirección de obra asinado polo Arquitecto Técnico, D. Humberto Guimeráns Gallego, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 05 de outubro de 2010.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción.....	1.060,83 €
Taxas licenza urbanística.....	94,72 €
Cartel de obra.....	110 €

**3. C) EXPTE. 217/10 – D. PEDRO ORTIZ FERNÁNDEZ** presenta proxecto para reparación de cuberta e conservación exterior de vivenda unifamiliar, no barrio de Couso nº 106 – Meira, redactado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, visado o 16.12.2010. Orzamento das obras: 10.786,50 euros.

Dáse conta do informe do arquitecto técnico do Concello de Moaña, do día 14 de xaneiro de 2011, que literalmente di:

**ASUNTO:** PROXECTO DE REPARACIÓN DE CUBERTA, E CONSERVACION EXTERIOR DE VIVENDA UNIFAMILIAR.

**INFORME TÉCNICO:** **Procede informar favorablemente o expediente.**

O proxecto de reparación de cuberta,e conservación exterior de vivenda unifamiliar, está redactado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 20 de decembro de 2010. Presenta a seguinte documentación:

- Memoria descritiva
- Memoria construtiva
- Xustificación urbanística sobre o cumprimento do establecido nas NN.SS municipais.
- Cumprimento do CTE (HS-1) de protección fronte á humidade.
- Cumprimento do CTE (HS-5) de evacuación de augas da cuberta.
- Estudo de xestión de residuos
- Normativa de obrigado cumprimento.
- Plan de control de calidade.
- Prego de condicións técnicas.
- Medicións e orzamento.
- Estudo básico de seguridade e saúde.
- Documentación gráfica.

- Cuestionario de estatística.
- Presenta oficio de dirección de obra asinado polo Arquitecto Técnico, D. Humberto Guimeráns Gallego, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 20 de decembro de 2010.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción.....	302,02 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110 €

#### **4.-PECHES**

Visto o expediente instruído a instancia da interesada que de seguido se relaciona e examinado o informe do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de peche, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

**EXPTE. 220/10 – D.<sup>a</sup> CLEMENTINA DEL RÍO ARGIBAY** presenta anteproxecto para o cerramento de 12,42 ml a base de bloques de formigón (de 0,40 ml de alto) e malla metálica, altura de 1,50 m, situado na Costa do Redondo.

Dáse conta do informe do arquitecto técnico do día 17 de xaneiro de 2011, que literalmente di:

**ASUNTO:** CERRAMENTO DE 12,42 ML A LINDANTES  
**INFORME:** **Procede informar favorablemente o expediente.**

Documentación.

Anteproxecto de cerramento redactado enxeñeiro técnico e peritos agrícolas D. Francisco Díaz Juncal, e visado polo colexio oficial de enxeñeiros técnicos e peritos agrícolas da Coruña, o día 28 de decembro de dous mil dez.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción .....	10,70 €
Taxas licenza urbanística .....	65,00 €

#### **5.- RECOÑECEMENTO DE ANTIGÜIDADE DE FUNCIONARIA INTERINA**

Sara Rey Vieites, funcionaria interina do Concello desde o 27 de abril de 2009 coa categoría de conserxe, solicita o recoñecemento de traballos noutras administracións a efectos de antigüidade e achega certificacións de servizos previos do Concello de Marín, por un ano, e da Deputación de Pontevedra por un ano, 8 meses e 21 días.

Visto o informe favorable do secretario municipal, do 11 de xaneiro de 2011 ao recoñecemento de antigüidade, que conclúe que *os trienios se calculan en función dos niveis dos diferentes postos de traballo desempeñados, confirmándose o trienio de acordo co nivel da categoría actual, conserxe, agrupación profesional disposición adicional 7º (Estatuto Básico) tendo a solicitante un trienio xa consolidado, e aplicando o sobrante a efectos dun posterior segundo trienio.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda recoñecerlle á funcionaria D<sup>a</sup> Sara Rey Vieites a antigüidade de un (1) trienio, aplicando o sobrante a efectos dun posterior segundo trienio, segundo se recolle no informe do secretario.

## **6.- APOIO DO CONCELLO A UNHA INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO: O RECUNCHO DAS XOUBIÑAS, S.L**

Visto o informe da axente de emprego do 17 de xaneiro de 2011, que di:

A axente de emprego atópase na actualidade prestando asesoramento técnico a unha muller que desexa crear en Moaña un parque infantil. Empresa destinada a prestar servizos de atención a nenos; organización de aniversarios e festas infantís, talleres de actividades extraescolares e atención e coidado de nenos por horas.

A promotora deste proxecto é unha moza desempregada:

- Carlota Vázquez Costa. D.N.I. : 52494607- M

A forma xurídica elixida para a posta en marcha da empresa será sociedade limitada. O seu nome “O Recuncho das Xoubiñas S.L.”. A empresa estará situada na Avenida Porta do Sol 48 Baixo. Meira, Moaña.

Como axuda para o financiamento inicial do seu proxecto empresarial a emprendedora intenta acollerse a unha subvención para a creación de empresas que ofrece a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia denominada “**Iniciativas Locais de Emprego**”. Trátase dun programa que subvenciona a fondo perdido proxectos empresariais, sempre que cumpran cos seguintes requisitos.

1º) Que se trate de proxectos empresariais innovadores ou que cubran necesidades non satisfeitas na estrutura económica existente na zona.

Pode considerarse que este proxecto empresarial ten carácter innovador, xa que en Moaña non existen polo momento parques infantís destas características.

2º) Que se trate dun proxecto empresarial xerador de emprego que desenvolva a súa actividade no ámbito local ou rural e que resulte viable dende o punto de vista técnico, económico e financeiro.

Este proxecto xerará dende o primeiro momento 3 postos de traballo estables no Concello de Moaña, o da promotora máis dous traballadores contratados indefinidos, e segundo o plan de empresa elaborado pola axente de emprego en colaboración coa promotora, pode resultar viable dende o punto de vista técnico, económico e financeiro.

3º) Que o proxecto empresarial estea apoiado por unha administración local de carácter territorial.

Este é o último requisito que ten que cumprir o proxecto para poder ser cualificado como Iniciativa Local de Emprego. O apoio do concello, debería implicar unha certa axuda económica por pequena que esta sexa, así como unha serie de pequenas medidas complementarias de apoio.

Vista a proposta da Alcaldía do 17 de xaneiro de 2011, que di:

Á vista do informe emitido pola axente de emprego e do contido da Orde do 12 de Xaneiro de 2000 da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, pola que se regulan as iniciativas de emprego e as súas clases, faise necesario acordar o apoio do Concello de Moaña ao proxecto empresarial “O Recuncho das Xoubiñas S.L.” para que poida ser cualificado como Iniciativa Local de Emprego.

En vista do anterior

**PROPOÑO:**

1º) Que o Concello de Moaña apoie este proxecto empresarial; “O Recuncho das Xoubiñas S.L.” promovido por Carlota Vázquez Costa con DNI: 52494607- M

O apoio do Concello implicará as seguintes medidas:

a) Axuda económica por un total de 120 euros, destinada a financiar en parte os gastos iniciais de publicidade da empresa.

b) Asesoramento e acompañamento técnico por parte da axente de emprego do Concello de Moaña durante os trámites de creación da empresa e o primeiro ano de funcionamento da mesma.

c) Gratuidade do servizo de fotocopias para tódolos trámites de posta en marcha da empresa.

En todo caso o apoio do Concello de Moaña, queda condicionado ao feito de que este proxecto empresarial sexa cualificado como I.L.E. pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

Ademais, a primeira medida de apoio do Concello aplicarase unha vez que a empresa estea cualificada como ILE e constituída legalmente, feito que a promotora deberá demostrar mediante a presentación de copias compulsadas da resolución de

cualificación como ILE, altas na Seguridade Social e alta no Imposto de Actividades Económicas da empresa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

#### **7.- APROBACIÓN DO PADRÓN DE MERCADILLOS**

Por acordo da Xunta de Goberno Local do 10 de xaneiro de 2011, aprobouse o padrón de venda ambulante no Concello de Moaña para o ano 2011, que comeza por Aidara Ndoye e remata por Faleh Zs Algashamey, en canto a persoas físicas (80), e no que se inclúen ademais cinco cooperativas -cuxos traballadores autorizados para a venda están relacionados/as tamén-,

Recibíronse dúas solicitudes máis, feitas respectivamente por M<sup>a</sup> Carmen Freire Martínez e Jesús Manuel Calo Álvarez,

Visto o padrón de mercadillos, 1º trimestre 2011, que relaciona os obrigados, o seu nif/cif, o nº de mercados que realiza, os metros que ocupan e a contía que deben pagar,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o padrón de venda ambulante 2011.- 1º trimestre, que incorpora xa as dúas últimas solicitudes, expoñelo a información pública mediante anuncio no taboleiro do Concello e a súa publicación no BOP, e pasalo ao cobro.

#### **8.- RELACIÓN DE VENDEDORAS DA PRAZA DE ABASTOS**

Vista a relación de vendedoras da praza de abastos nos postos de

- peixe: comeza por Carmen Santomé Martínez e remata por Alicia Rúa Pena,
- carne: comeza por M<sup>a</sup>Peregrina Fervenza Taboas e remata por Concepción Riobó Paz
- froitas: comeza por Josefa Corrales Fervenza e remata por M<sup>a</sup> Carmen Trigo Fervenza
- roupa: Nieves Pereiro Martínez
- pan: (cerrado): M<sup>a</sup> Nieves Currás Pastoriza
- pan: M<sup>a</sup> Carmen Boubera Nogueira,

Visto que dita relación inclúe o número, a superficie que ocupan e o importe por mes,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o padrón anual dos postos da praza de abastos.

#### **9.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL**

D. Manuel Castro-Rial Abad, en representación de D. Ruben Pousada Calvar, por escrito presentado na Subdelegación do Goberno en Pontevedra o 12 de xaneiro de 2011, formaliza reclamación de danos e prexuízos. Alega que o día 05.10.10 o sr. Pousada circulaba co seu vehículo por As Paghonas, procedente da rúa Fonte de

Unicornio cando notou como a parte lateral dereita do seu turismo impactaba cunha malla metálica que ocupaba parte do seu carril de circulación. Informou á Policía local – achega copia do informe-, e indica que o importe da reparación do vehículo ascendeu a 322,12 céntimos. Solicita que se lle indemnice por dita contía máis xuros, e de non ser así, se teña por notificado o futuro exercicio das accións legais pertinentes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda desestimar a reclamación presentada por tratarse do cerramento dunha propiedade particular.

#### **10.- REXISTRO DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS: INSCRICIÓN:**

D. DAVID MILLÓN ESCUDERO solicita licenza para a tenza para acompañamento, dunha cadela de raza ROTTWAILER, raza considerada como perigosa, cuxo nome é XANA.

Visto que o solicitante achega toda a documentación requirida, segundo se recolle no informe de Secretaría do 16 de decembro de 2010,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza solicitada para a tenza da cadela de raza considerada como perigosa, a súa inscrición no rexistro municipal e que se traslade o acordo ao Rexistro Galego de Animais Potencialmente Perigosos.

#### **11.- SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS**

Visto o escrito presentado por D. Francisco José Álvarez Rodríguez, secretario da asociación "PERJUDICADOS POR LA LEY 1/92", no que solicita a inscrición desta asociación no Rexistro municipal de asociacións do Concello de Moaña, e dado que achega toda a documentación requirida no Regulamento veciñal de participación cidadá para a inscrición de asociacións,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda inscribir a ASOCIACIÓN PERJUDICADOS POR LA LEY 1/92 no Rexistro municipal de asociación..

#### **12.- BAIXA DE POSTO PRAZA DE ABASTOS**

D. Virtuosa Entenza Pena, por escrito do 17 de xaneiro, expón que ten un posto de carnicería na praza de abastos e quere darse de baixa por xubilación. Solicita que se lle da de baixa dende o primeiro de xaneiro e que se teña en conta que leva varios meses sen vender por unha baixa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a baixa solicitada pola señora Entenza con efectos dende o 1 de xaneiro de 2011.



### 13.- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA VENDA AMBULANTE

D. Sofía Gómez Pérez, por escrito do 13 de xaneiro de 2011, solicita permiso para a venda ambulante en caravana de hamburguesas e bocadillos quentes na zona do parque en Meira. Indica que se recolle toda a zona ao rematar e se limpa. Achega documentación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda que dita solicitude ten que remitila a Costas por canto o espazo no que solicita o permiso para a venda é da súa competencia, previa a calquera autorización municipal.

### 14.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes conexións:

	Servizo	Lugar	Taxas €	Informe favorable
MARÍA SOLEDAD JALDA CANCELAS	Auga uso doméstico	José Costa Alonso, 102 int.	Conexión ..... 60 € Fianza ..... 20 €	Aqualia Aparellador m

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 18:55 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.